

Outras referencias na configuración da parroquia

As Escolas

O ensino na parroquia de O Buriz foi obra de veciños que tiñan un pouco mais de cultura e ensinaban a ler, escribir a algo de matemáticas aos seus veciños, no que se chamarían “escolas de a ferrado”. Por suposto que a tales escolas ían os rapaces e raramente as mulleres ata comezos do século XX. Noutros casos eran o propio pai, ou algún tío solteiro, quen ensinaba a ler aos cativos da casa.

A primeira escola oficial estableceuse na casa que fixera construír D. Antonio Rosende, o cura do Portelo, ao lado da Igrexa parroquial a finais do século XIX.

Do primeiro mestre que temos noticia e de Don Pedro Cuadrado González, quen foi un mestre no amplo sentido da palabra. De feito cantábase entre a xente unha copla popular que sinala a novedade do novo mestre con relación aos mestres que ensinaban en diversos lugares da parroquia durante os meses de inverno, o estribillo dicía así: *“Eses maestrillos do rabo queimado, xa os desempleou don Pedro Cuadrado”* El formou unha xeración de homes e mulleres de O Buriz a comezos do século XX, cuxa cultura estaba moi por enriba da que se deu nas sécolas dos seguintes decenios. De feito algúns dos seus discípulos ensinaron a moitos nenos e nenas nas escolas chamadas de “ferrado”, chamadas así porque a ditos ensinantes pagábaselles en cereais. Era un ensino que combinaba a forma de estudio tradicional con prácticas de agricultura, gandeiría e todo aquilo que suscitase o protagonismo dos nenos en relación co seu ambiente. Este método puxoo de moda a gran pedagoga María Montessori en Italia, e estendese por todos ambientes españois que buscaban un renovamento do ensino a comezos do século XX, estivo presente dun xeito especial en Cataluña. D. Pedro era natural de Santa María de Bacoi no Valadouro. Estando no Buriz foi casar, o día 14 de maio de 1906, con Ramona Pumares Fernández, tamén veciña de Bacoi, parroquia na que contaeron o seu matrimonio. Foron a esta voda un bo fato de persoas da parroquia, entre eles Adriano Pérez Carracedo, Francisco Lobeiras, José María Balsa e Manuel Souto Pérez. Isto serviuille aos veciños para compoñer unha copla satírica por parte daqueles que non foran invitados. Comezaba así: *“Escoiten señores, prestén atención, D. Pedro Cuadrado foise casar aló a Cadramón”*. No anos 1907 e 1909 seguía de mestre no Buriz xa que, no primeiro ano, dáselle sepultura a unha nena súa; e a 4 de decembro de 1909 enterran no cemiterio un neno seu. Foi unha persoa moi querida e admirada. Ben merecería que deixásemos memoria del dedicándolle algúns lugar ou espazo da parroquia.

Un intento de crear unha nova escola, no Tercio da Abeleira atopámolo no ano 1925, nun escrito dirixido ao Concello nos seguintes terminos: *“Señor: los que suscriben, mayores de edad, habitantes en el tercio de Abeleira, una de las fracciones en que está dividida la parroquia de san Pedro del Buriz correspondiente a dicho municipio de Trasparga-Guitiriz, provincia de Lugo, provistos de sus respectivas cédulas del actual ejercicio, a V. atentamente exponen:*

Que no siendo suficiente la escuela mixta dirigida por maestra que actualmente existe en dicha parroquia, para recibir instrucción cerca de doscientos niños de ambos sexos comprendidos en la edad escolar; primero por estar los lugares más diseminados; segundo por ser insuficiente el local de la actual escuela; tercero por no poder ser atendidos en debida forma por un solo maestro; y cuarto por la grande distancia que media entre la actual escuela y los lugares que se compone dicho tercio de Abeleira a los que les irrogan irreparables perjuicios a causa de verse en la imposibilidad de asistir a la escuela por las razones o causas expuestas, y de esa

manera quedar sin instrucción en número elevado de más de ochenta o noventa niños de ambos sexos y comprendidos en la edad escolar.

A V. encarecidamente suplican se digne concederles la creación de otra neva escúuela para dicho tercio de Abeleira de la mencionada parroquia de San Pedro de Buriz, dirigida por maestro para que pueda quedaar de esa manera la parroquia regularmente atendida, para lo cual se comprometen dar edificio necesario, capaz e higiénico para su instalación, vivienda del Maestro y el mobiliario y material pedagógico prevenidos.

Es gracia que esperan alcanzar de V. cuya vida guarde Dios muchos años.

Buriz y tercio de Abeleira 28 de Julio de 1925. Manuel Souto, Andrés Comba, Lorenzo Prieto, Luis Jobe, Andrés Paz, Ángel Paz, Tomás Prieto, Andrés A. Fernández, Benjamin Prieto, Domingo Souto, José m^a Fraga, Francisco Rodríguez, Manuel Fraga, Manuel Losada, Manuel Corral". Esta petición e acollida favorablemente polo Concello e acórdase levar adiante a fundación desta escola na sesión da Comisión premanete do Concello o 4 de xuño de 1927. Sin embargo non se levaría a cabo ata os anos sesenta.

As Escolas de “ferrado” seguiron funcionando ata final dos anos cincuenta xa que a escola unitaria de xunto a Igrexa era totalmente insuficiente. Algúns do lugares onde había tales escolas foi: Xiá, Xestoselo, Carelo, A Pedreira, Corvite de Abaixo e Corvite de Arriba, A Cova de Arriba, a Fontecribo, etc. Entre estes mestres, que recorda a xente, están: Xosé e Xesús Comba, Lourenzo Pérez, Salvador Pérez, Celso Pérez, Virgilio Paz, Caitano Fernández Prieto, et.

Na escola de xunto a igrexa fixose unha gran labor, a pesar de que os mestres, sobre todo mestras paraban moi pouco, entre os mestres de depois da guerra recordanse a D. D^a Natividade, D^a Fidela e Don Ramón. Tamén poxo escola un tempo o cura D. Antonio Seoane. Xa mais perto dos nosos tempos recordamos a D^a Inocencia Cuadrado, filla de d. Pedro Cuadrado, D^a María Cruz Carballido Barral e D^a Aurea Varela Casal, que foi a última mestra da escola mixta de xunto a Igrexa.

No ano 1957 faise un novo plan de escolas para a parroquia de O Buriz, acordando crear duas escolas unitarias no Tercio do Medi, no lugar da Ventisca, e duas mixtas nos lugares de Campoverde para o tercio da Abeleira, e outra no Vilariño para o Tercio de Arriba.

Esta ansiada esperanza fixose realidade no ano 1960 ao estar rematadas as novas escolas. A colaboración dos veciños foi totalmente positiva e gratuita, aportando solares, madeiras, cartos, etc.

A primeira escola que funciona é a do Vilariño da que toma posesión en febreiro de 1960 Nonita Carballeira Tomé, a quen sucede uns meses M^a Francisca Paz Ocampo. Da escola unitaria de nenas de A Ventisca toma posesión, o 30 de abril de 1969, M^a Mercedes Elvira Ventura.

O 1 setembro de 1960: os mestres que toman posesión das novas escolas son:

Vilariño. Nonita Craballeira Tomé

A Ventisca (nenas): Natalia Pérez Rosende

Campoverde: M^a Xesús Veiga Redondo

A Ventisca (nenos): Gonzalo Villares Paz que tomou posesión o 29 de outubro e estra ata 1973.

O 23 de xaneiro de 1961 toma posesión da Escola de Nenas da Ventisca, Pilar Sánchez Gil, sustituta da propietaria. O 15 de maio de 1961 cesa por excedencia Natalia Pérez Rosende, e o día 16 de maio toma posesión M^a do Carme Fernández

López. O 1 de setiembre de 1961 toma posesión Nonita Carballeira Tomé, que estará ata 1973.

Vilariño: O 15 de setembro de 1961 toma posesión M^a Luzdivina Onega Díaz. O día 1 de setembro de 1963, toma posesión M^a Fráncica López Veres, que estra ata 1973.

Campoverde: o 1 de setembro de 1963, tralo cese de M^a Xesús Veiga, toma posesión Fecitación Martínez Fernández. O 1 de setembro de 1964, toma posesión desta escola M^a Antonia Rábade Mouteira.

Vilariño (nova escola de nenos). Ao longo do ano de 1967, e ata as navidades de 1968, os veciños do Tercio de Arriba levaron a cabo a iniciativa de constuir un escola de nenos no Vilariño, co cal quedan tamén alí dúas escolas unitarias. Foi este un traballo comunitario que posiblito a mellora do ensino na parroquia. O primeiro mestre desta escola, da que tomou posesión o 10 de xaneiro de 1968, foi Xesús Silva Díaz.

Campoverde: De novo hai cambio nesta escola o 1 de setembro de 1968, toma posesión dela Amparo Iglesias Dobarro; e o 1 de setembro de 1969, toma posesión M^a do Carme Snagiao Seijas, que está nesta escola ata o 30 de outubro de 1973 en que se posessiona da mesma Enedina García García.

Vilariño (nenos): Por traslado a Os Vilares de Xesús Silva, toma posesión desta escola, o 10 de setembro de 1971, Miguel Ángel Carmona Álvarez. O 16 de abril de 1972 ven o mestre Baldomero Francisco Iglesias Dobarrio. E por fin, o 30 de outubro de 1973 toma posesión Luis Seoane Cajaraville.

Os últimos mestres sinalados, en cada escola, tomaron posesión como mestres propietarios no Colexio Nacional Mixto Comarcal de Guitiriz o día 1 de decembro de 1973. Aquí remata unha andaina do ensino nesta parroquia. A realidade actual é que quedamos sen escolas na parroquia. A de nenas do Vilariño xa desapareceu por mor das obras da estrada de Momán-Parga, e ás outras estase a buscarllas novas utilidades por parte do Concello.

O Sindicato Agrario de San Pedro de O Buriz

Nos primeiros decenios do século XX desenvolveuse en España un extenso movemento sindical de signo católico-agrario. Foi o seu inspirador o Xesuíta P. Ayala, obra que continuou o tamén xesuita P. Sisinio Nevares, natural de Carrión dos Condes (Palencia). Entre os participantes neste movemento atópase así mesmo o P. Xosé M^a Salaverri, natural de Mondoñedo, que sen dúbida implicou no devandito movemento a D. Xulián García de Diego e Alcolea, clérigo mindoniense e logo bispo e arcebispo de Santiago. Así mesmo algúns cóengos de Mondoñedo, que logo terán gran protagonismo na fundación de sindicatos católicos en gran número de parroquias da Diocese. Os numerosos sindicatos agrarios xurdidos nestes anos non teñen fins reivindicativos. O seu traballo é de tipo benéfico-social, cooperativo, mutualista, totalmente alleo á loita e ás reivindicacións que por entón estaban presentes en España.

O Sindicato rexíase e era administrado pola Xunta Xeral, formada por todos os socios, a Xunta Directiva e o Consello de Vixilancia. Un dos piares do Sindicato foi a tenda onde os asociados podían adquirir de todo o que se precisaba para a vida diaria. Nela podíanse adquirir artigos de alimentación: aceite, bacallau, arroz; accesorios do arado de ferro: arados, rexas, puntas, sal, viño e, sobre todo, mineral e abonos para o campo.

O Sindicato de O Buríz foi fundado ao amparo da Lei de 1906 sobre sindicatos e outras asociacions e corporacóns. Na nosa bisbarra xa existía o Sindicato Católico Agrario dos Vilares, fundado en 1919. Segundo ese modelo fundase o de O Buríz o 1 de outubro de 1931. Foi promovido polos seguintes veciños: D. Manuel Souto Felpeto, da casa de Rosende; Xosé Castro Prieto, da Lagoa; Lourenzo Pérez Carballeira, de O Buríz; Antonio Carreira Pena, da Canteira, Anxo Paz Calvo de Campoverde; Manuel Balsa Paz, da casa de Granxavella; Xesús Paz López, do Sandiño; Amador Roca Teijido de Xestoselo; Andrés Cortés Fernández de Campoverde; Francisco Calvo Jove, de Campoverde; Andrés Paz López de Corvite de Abaixo; Antonio Prieto López da Lagoa de Baixo; Francisco Paz López da Fontecribo; Fernando Vázquez González de Xestoselo; e Ramiro Martínez do Forno.

Os devanditos acordan constituir unha asociación agrícola co nome de Sindicato de Labradores de San Pedro de Buriz. O mesmo día fixose a elección da primeira xunta directiva, resultando elixida a seguinte:

Presidente: D. Manuel Souto Felpeto
Vicepresidente: Xosé Castro Prieto
Secretario: Lourenzo Pérez carballeira
Vicesecretario: Antonio Carreira Pena
Tesoureiro: Anxo Paz Calvo
Vocais: Manuel Balsa Paz, Xesús Paz López, Amador Roca Teijido e Andrés Cortés Fernández.

Vocais suplentes: Francisco Calvo Jove, Andrés Paz López, Antonio Prieto López e Francisco Paz López.

Comisión de exame de contas: Faustino García Prieto, Fernando Vázquez González e Ramiro Martínez.

O promotor e alma do Sindicato, e que levou sempre o maior peso, tanto da fundación como dos primeiros pasos, foi D. Manuel Souto Felpeto, quen será Concelleiro do axuntamento de Trasparga e que contribuirá decisivamente ao traslado do Concello para vila de Guitiriz. Había nacido en Meire (Belesar) no ano 1884 O 14 de maio de 1906 acompañou, xunto con Adriano Pérez Carracedo, Francisco Lobeiras, José Balsa, etc.., ao mestre D. Pedro Cuadrado para o seu casamento, que tivo lugar na parroquia de Santa María de Bacoi, no Valadouro. Casou con María Pérez Carballeira o día 29 de xuño de 1907 da que tivo sete fillos chamados: Segundo, falecido aos 24 anos de tuberculose, o 25 de xaneiro de 1949, Domingo, Clara, Antonia, Cándida, Dorinda e Doroteo. Quedou viudo de María Pérez o 12 de febreiro de 1949. A súa muller tiña 62 anos de idade áhora da súa morte. D. Manuel faleceu na súa casa de Rosende o día 17 de febreiro de 1960. Era un home paciente e de moi bo carácter, sempre disposto a escoitar e poñer paz. Díxian del que era como “San Brais”. Era un fervente católico e comprometido con todas as causas boas da parroquia. Tamén facía de menciñeiro dos animais, sendo moi apreciado por todos os veciños. Tivo algúns enfrontamento co cura D. Claudio, sendo inxustamente denunciado e levado á cadea no ano 1936 con outros veciños. Tivo por defensores tanto aos veciños, como os concelleiros e persoal do concello de Guitiriz, e mesmo aos cregos das parroquias do arredor. En 1927 promoveu xunto cos veciños do tercio da Abeleira a fundación dunha escola mista naquela zona da parroquia. Foi presidente do Sindicato dende 1931 ata 1939. En 1943 foi nomeado Vicepresidente e, de novo, dende 1944 ata 1949, no momento de cambio pola nova lexislación franquista volve a ser nomeado presidente. Tanto a súa primeira xeira, como a segunda, foron anos duros nos que el soubo manter a dignidade, buscando abonos e alimentos, onde podía e como podía, para axudar aos veciños. Ben merece un recordo

agradecido de home bo e xeneroso, e algunha asociación parroquial ben podería levar o seu nome en agradecemento pola súa conciencia social e axuda aos nosos antepasados.

Un dato a ter en conta, para comprender as orixes do noso sindicato, e a nota dunha reunión da Xunta Directiva, celebrada o 31 de decembro de 1931. onde se acordou: *"Dar un voto de gracias por toda la directiva a D. Luis Peña Novo y nombrarlo procurador de esta sociedad en agradecimiento a los grandes beneficios prestados a la misma. Así mismo se acordó nombrar avogado defensor de los derechos y bienes de este sindicato a D. Alfonso Fernández, Registrador de la Propiedad de Villalba como buenos conceptos merece a esta sociedad".*

Lois Peña Novo foi deputado agrarista, distinguido membro das Irmandades da fala e que tivo relación persoal e amizade con Manuel Souto Felpeto. Sinalamos outros datos a ter en conta e que, os principais, podemos velos no apéndice documental deste libro.

Nese mesmo día acordouse arrendarlle un local para sede do Sindicato a Agustín Lobeiras, do lugar da Graña, no prezo de 500 ptas. ao ano.

O día 24 de xaneiro de 1932, fixose unha asemblea extraordinaria para pedir a construción dunha estrada de Guitiriz a Vilalba, saíndo de Gutiriz e pasando polo Porta Cancela, Campo da Feira de Os Vilares, seguindo polo lugar da Pena, continuando ao lugar do Forno, subindo ata a Mouteira. Dende alí pola Cruz do Pico na parroquia de Belesar, logo pola Caivanca e logo unirse a xeral que vai a Oviedo.

O catro de marzo de 1933, acórdase pedir ao Axuntamento que urxa a construción dalgúns anacos da estrada que vai de Parga a Ortigueira.

O 31 de decembro dese ano de 1933, acórdase alugar que está xunto aos cruceiros, da que é dona Xosefa Teijido Calvo, por un período de cinco anos, no prezo de 750 pesetas anuais. Nomease como despendedor na nova sede do Sindicato a Rosendo Pena Villares , con un soldo de 275 pesetas ao ano.

O 20 de setembro de 1939 cambiouse o nome do Sindicato Agrario, polo de Cooperativa Agrícola Católica de Buriz. O cambio faise en cumprimento da nova lexislación franquista da lei estatal sobre Cooperativas, do 27 de outubro de 1938.

En 1939 hai eleccións para a Directiva da Cooperativa, na que é elixido como presidente Tomás Carballeira Pereira.

Nas eleccións de 1941 sae elixido presidente Antonio Carreira Pena.

En 1943 é nomeado vicepresidente D. Manuel Souto Felpeto. En 1944, en conformidade coa lei de Cooperativas de 1942 e o Regulamento do 11 de novembro de 1943, a nosa cooperativa transformase en Cooperativa del Campo de Buriz. Nesta nova situación de fonda crise nomease, de novo, presidente da Xunta Rectora a D. Manuel Souto Felpeto ata 1949. Tamén aparece a figura do Consiliario, sendo nomeado D. Antonio Seoane Pérez. Son anos de fame e de moita necesidade na que a os membros da Xunta se ven desbordados xa que moitos dos socios non poden mercar as mercancías que precisan.

No ano 1949 é nomeado presidente Anxo Prieto López que será reelexido periodicamente ata o ano de 1961. O 26 de marzo de 1950 é nomeado despendedor Antonio Paz Lobeiras, da Graña. E o 26 de xuño de 1950 encárganse da despendedoría Carmen Romero e o seu fillo Domingo Lobeiras. O 17 de novembro de 1961 solicítase do bispo de Mondoñedo o nomeamento de D. Elías López, ecónomo de O Buriz como Consiliario da Cooperativa.

Os últimos anos a directiva tiña decaído moito por diversas razóns. E intentase, sen consegui-lo darrle un empuxo para riba nomeando unha nova directiva o 30 de abril de 1961. Os elixidos foron:

Presidente: Tomás García Carballeira
Secretario: Lourenzo Pérez Carballeira
Tesoureiro: Andrés Carballeira Campello
Vocais: Leopoldo Ribas e Xoán Fraga Vázquez

Esta directiva estivo dez anos sen poder levantar a Cooperativa por falta de colaboración dos socios e outros imprevistos sociais da parroquia.

O 20 de xuño de 1971 elixiuse a última Xunta directiva da Cooperativa do Campo de O Buriz, á que a xente lle seguía chamando o Sindicato, que intentou revitalizar a institución, pero xa non foron capaces e acabou morrendo e desaparecendo do mesmo Rexistro da Facenda de Lugo. Os últimos directivos foron:

Presidente: Anxo González Castro
Secretario: Manuel Rosende López
Tesoureiro: Xosé del Valle Lobeiras
Vocais: Orlando Ribas Ribas e Serafín Paz Rosende.

Nova Cooperativa de O Buriz

A nova realidade social do campo galego, as transformacións agrícolas feitas na década dos setenta e os oitenta do século XX, levou aos agricultores de O Buriz a sentir a necesidade de unirse novamente para defender os seus intereses e traballar unidos cara un incerto futuro das explotacións agrarias da parroquia. Pódese dicir, con propiedade, que a nova Cooperativa é a continuación daquel Sindicato Agrario fundado en 1931. Como aínda é historia viva so deixamos constancia dos datos fundacionais e a situación actual desta iniciativa comunitaria:

A *Cooperativa de O Buriz, SCL*, foi fundada en novembro de 1986. Comezou con 44 socios con un capital social de 25.000 ptas. e 6000 ptas que costou o solar para o almacen da Cooperativa, situado no monte da Gallega. A acta fundacional di literalmente: *O día 22 de abril de 1986, reunidos en asamblea xeral, coa asistencia de todos os socios no lugar da Ventisca, Buriz-Guitiriz, o consello rector provisional ou no seu caso elexir os novos integrantes. Elíxese o Consello Rector, que se compónda seguinte forma:*

Presidente: Andrés Rodríguez Lapido
Vicepresidente: Jesús García Fanego
Secretaria: Edita Carballeira Castro
Tesoureiro: Paulino Pena Paz
Vocais: Severino Paz López. Jesús Comba Pumares, e Vidal Frenández Rosende.
Chegou a ter en torno a 70 socios de varias parroquias.

Esta Cooperativa fusionouse coa Cooperativa San Vicente de Os Vilares, SCL, o 11 de xaneiro de 1992. O nome da nova cooperativa é: “*Gandeiros de Guitiriz. Sociedade Cooperativa Galega*”, con domicilio social no barrio de As Reixas, situado na parroquia de Os Vilares. A primeira directiva da sociedade fusionada foi a seguinte:

Presidente: Segundo Vázquez Carballeira
Vicepresidente: Javier Acción González
Secretario: González Vázquez Carballeira
Tesoureiro: Manuel Ángel Pérez Santos
Vocais: Isabel Cordeiro, Marta Teresa Lodeiro, Raúl Prieto Fernández.

Esta Cooperativa sigue prestando os seus servicios a veciños das parroquias de O Buriz, Os Vilares, Soexo, Pígara, Labrada e Santa Locaia. Ten en total uns 117 socios. A directiva actual (2008) compонse dos seguintes membros:

Presidente: Xosé Rodríguez López

Vicepresidente: Marta Teresa Lodeiro

Secretario : Raúl Prieto Fernández

Tesoreiro: Serafín Cascudo.

A Sociedade da Báscula

Entre as iniciativas de carácter comunitario, xurdidas na nosa parroquia, non podemos esquecer os servicios prestados aos veciños pola Báscula, situada no monte común da Pena Grande. Velaquí a acta de fundación da mesma: *"En la Parroquia de san Pedro del Buriz, ayuntamiento de Guitiriz y partido judicial de Villalba, a dieciséis de diciembre de mil novecientos cincuenta y seis, ante los testigos que al final suscriben.*

Comparecen

Lorenzo Fernández Prieto (casado), Xosé Paz Pereira (soltero), Avelino González Souto (casado), Fernando Vázquez González (viudo), Xosé Fernández Paz (casado), Santiago Jove Prieto (casado), Modesto Pumares Vello (casado), Virginio Paz Souto (casado), Doroteo Santo Pérez (casado), Hilario Calvo Piñeiro (casado), Miguel Campo Cancelo (soltero), Faustino García Prieto (soltero), Xosé Paz Paz (casado), Andrés García Paz (viudo), Tomás Carballeira Pereira (casado), Ángel Prieto López (casado), Lorenzo Loberías Prieto (viudo) y Manuel Balsa Paz (soltero). Todos mayores de edad, labradores y de esta vecindad.

Intervienen en este acto por su propio derecho y con el indicado carácter su juicio y al de los testigos del acto, se consideran con capacidad legal suficiente para el otorgamiento del presente contrato en virtud del cual establecen las normas porque se ha de regir la sociedad que tienen los comparecientes en una báscula con el edificio que la contiene, y al efecto libre y espontáneamente dicen:

- *Primer: que en la actualidad tienen todos los relacionados comparecientes adquirida en común, representando igual participación unos que otros una báscula, con capacidad para pesar hasta mil kilos, colocada dentro de un edificio, ubicado en la margen derecha del camino público que conduce desde la carretera a la iglesia de esta parroquia, cuya construcción fue costeada por los mismos en iguales partes, una vez obtenido el permiso para poder edificar.*
- *Segundo: Para el mejor disfrute y funcionamiento de la comunidad de referencia, establecen que se ha de sujetar estrictamente a lo establecido en este reglamento:*
 1. *Que así como todos los relacionados comparecientes abonaron en iguales partes todos los gastos que motivó la construcción y colocación de la báscula con su caseta, también quedan obligados a costear cualesquiera otros gastos necesarios para la*

conservación o reparación de las mismas, por lo que cada interesado tendrá iguales derechos y obligaciones que los demás componentes de dicha comunidad.

2. *El derecho que cada uno de los interesados representa en la sociedad de referencia, solo será transmitible -tanto por título “mortis causa” como por el “inter vivos”- a favor de una sola persona, únicamente que compre la sociedad establecida;; y en caso de morir intestada alguna, o sin disponer nada referente al caso, deberán, los herederos del causante que así fallezca, si constituyen distintas familias, solucionándolo entre sí y poner dicha resolución en conocimiento de la comisión encargada de vigilar aquel año, pues en caso de que no se solucionen, sólo tendrá derecho a pesar gratuito el que esté casado o encargado de la administración en la casa del causante que fuese socio. En caso de venta, en igualdad de precio tendrán preferencia los socios a cualquier otra persona.*
3. *El espíritu que informó la constitución de esta sociedad, fue el de que, en ningún tiempo, pudiese ninguno de sus componentes pedir la rescisión de tal comunidad, con el fin de excluir a alguno o el de hacerse con la propiedad del todo; y sólo en el caso de que ello fuese contrario a la Ley, pactan que ninguno podrá pedirla en el plazo de diez años prorrogables por otros nueve más.*
4. *Siempre habrá designada una persona encargada de las llaves de la báscula la cual cuando cualquiera de los socios desee pesar, ya sea ganado u otra cosa, irá hasta allí, inspeccionará la báscula con el que va a pesar y luego, si éste lo desea, saldrá para fuera de la caseta, dejando al socio que pese él, y una vez terminado, volverán a inspeccionar la báscula, para saber si dicho socio la dejó bien; con el fin de que, en todo tiempo y siempre se sepa el estado de la báscula, así como a qué causas se debe cualquier incidente, el cual después será sometido a la opinión de la mayoría de los socios para juzgar si merece sanción o no.*
5. *Ningún socio podrá pesar reses ni cualquier otro artículo de otro que no lo sea, ni a pretexto de amistad, ni de parentesco; y al que se compruebe que lo hace por primera vez pagará la sanción de cincuenta pesetas, que tendrán para fondos de dicha sociedad, y si se negare a ello quedará sin el derecho de pesar gratuito un año, al reincidente se le doblará la sanción, triplicándola luego y así sucesivamente. En el solo caso de que cualquiera de los socios pusiese en aparcería su lugar y ganados, podrá, ya sean ganados u otras cosas afectos a dicha aparcería, pesar gratuitamente en dicha báscula. Quedan excluidos del tal derecho de pesar gratuito, los ganados que procedan de postorías a unos y otros, aunque sean de cualquiera de los socios.*
6. *El encargado de las llaves deberá pesar cualquier ganado o mercancía de los que no sean socios, cobrándoles las cantidades siguientes: Ganado, a cinco pesetas unidad; desde cien kilos a*

doscientos, a cinco pesetas; desde doscientos kilos para arriba, a peseta cada cien kilos, entendiéndose que por las fracciones de cada ciento, cuando no lo haya completo, se cobrará la peseta igual. De todo ello llevará cuenta detallada, con la finalidad de rendirla a los socios los días fijados para tomar acuerdos en las reuniones que celebren. Dicha tabla de cobros, podrá ser modificada por acuerdo a la mayoría de los socios.

7. *Aprobadas las anteriores bases por todos los socios, conviene unánimemente también, que para mayor orden en el cumplimiento de lo que dejan sentado, se designe anualmente una comisión de arbitraje y administrativa a la vez, compuesta de tres individuos de los socios y en caso de que el pesador sea un socio éste deberá ser siempre uno de los componentes de dicha comisión. Y habiéndose verificado el sorteo del orden porque habían de entrar cada uno a desempeñar dicho cargo, el resultado fue por el orden en que figuran relacionados en la comparecencia, es decir que el primer año constituirán la comisión, el encargado del a pesa que es el socio Manuel Balsa Paz, Lorenzo Fernández Prieto y Xosé Paz Pereira; para el año siguiente, si continúa el mismo pesador, será también el Manuel Balsa, Anselmo González Souto y Fernando Vázquez González; y así sucesivamente hasta terminar, volviendo después por el mismo orden. Dicha comisión será la encargada de hacer cumplir lo concertado en el presente contrato, imponiendo los castigos establecidos a quien lo merezca, debiendo de obrar siempre como hombría y entereza, basándose para ello en informaciones fidedignas de los otros miembros de la sociedad y debiendo proceder siempre con rectitud y sana intención. Esta comisión será valedera por un año a contar desde su entrada, sometiéndose todos los socios a las sanciones que establezca; y para hacer cumplir el orden fijado celebrarán junta cada dos meses, salvo casos urgentes en que tengan que hacerlo antes, levantando acta de las situaciones planteadas. Los socios todos se reunirán una vez al año que será uno de los días festivos del mes de enero – designado por la comisión de arbitraje que esté en acción – para tomar los acuerdos que estimen convenientes y en aquello que no se oponga a lo establecido en este contrato, serán válidos los acuerdos aprobados por la mayoría. La comisión de arbitraje podrá sancionar a los socios que sin causa no acudan a las reuniones con privarles de pesar por menos de medio año o pagar la sanción de veinticinco pesetas. Para todo esto deberá adquirirse un libro de actas, donde constarán los acuerdos y resoluciones tomados.*
8. *Podrán admitirse nuevos socios siempre que la mayoría así lo acuerde, la cual asimismo establecerá las condiciones de entrada, y una vez admitidos quedarán sujetos a todo lo pactado en este reglamento contenido en dos pliegos además de éste, del cual se hace una copia para cada interesado, y con le fin de que sirva de título fehaciente irá firmada por todos los interesados.*

Así lo dicen, otorgan y firman con los testigos del acto que son Don Manuel Carballeira Don Jesús Paz Alvariño, mayores de edad, casados, labradores y de esta vecindad".

Lomas & maria Jose Paz Alvarino Gonzalez
Fernanete Marquez Jose Fernandez
Santiago Coelos Pumareda
Virginia Torreto Doroteo Soto Hilario Celso
Miguel Barreiro
Jose Paz P.O. Jesus Perez
Tomas Carballeira Angel Trias
Lorenzo Alvariño Manuel Balboa
Manuel Paz Jesus Paz

7.5. A Asociación de Veciños

A Asociación de Veciños foi fundada no ano 2004, chamándose: “Asociación Cultural e recreativa As Calzadas”. Constitúese a primeira Xunta Directiva deste xeito:

Presidente: Xosé Paz Paz

Vicepresidente: M^a do Carmo Rodríguez López

Secretario: Alberto Calvo Cainzos

Tesoureiro: Juan Carlos Calvo Vázquez

Vocal: Sonia García Roca. M^a do Carmo Rodríguez Pérez dimite o 12 de abril de 2006, sendo suplida por Cristina Fraga.

Tamén cambia de nome o día 15 de maio de 2005 co nome de: “Asociación Cultural medioambiental As Calzadas. Buriz.

ESTATUTOS

DENOMINACIÓN, ÁMBITO E DOMICILIO

TÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Art.-1º

Constitúese no Concello de GUITIRIZ, unha Asociación que denominará: ASOCIACIÓN “CULTURAL MEDIAMBIENTAL AS CALZADAS BURIZ” e que se rexerá pola vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais lexislación existente en materia de Asociacións que sexa aplicable, dentro do marco da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.

Art.-2º

Son fins e actividades da Asociación:

- a) Celebrar encontros coa xuventude e tamén cos maiores.
- b) Recuperación dos espacios naturais: Muiños, areas recreativas, petroglifos, castros, etc.
- c) Respeto polo medioambiente e desenvolvemento sostible de espacios do noso concello.
- d) Promover actividades culturais e mediambientais.
- e) A Asociación non ten fins lucrativos nin está sometida a ningún réxime asociativo específico.

Art.-3º

O domicilio da Asociación radicará en CORBITE DE ABAIXO N° 1 BURIZ - GUITIRIZ - LUGO
(Deberá sinalarse un enderezo concreto).

Art.-4º

A Asociación desenvolverá as súas actividades dentro do ámbito territorial de BURIZ - GUITIRIZ - LUGO, a súa duración será INDEFINIDA e solo disolverase, conforme a estes Estatutos, pola vontade dos asociados expresada na Asemblea Xeral convocada ó efecto e por calquera das causas previstas nas leis como por sentencia xudicial firme.



Medios de vida: Agricultura e gandeiría

Os medios de vida desta parroquia, como tantas do no mundo rural, tendían cara o que se levaba ás feiras para abastecerse doutros productos necesarios; os cultivos eran os tradicionais: nas leiras, cereais, maíz e patacas, nabos.

Alternábase o cultivo do cereal, primeiro trigo e logo centeo co do millo ou maíz e as patacas. Con este sistema as leiras daban tres colleitas en dous anos: unha vez recollido o pan, nesa terra sementábanse os nabos en agosto ou setembro, na primavera coas terras libres dos nabos sementábanse o maíz e as patacas que no outono quedarían libres para empezar de novo o ciclo coa sementeira do trigo e do centeo. Nas cortiñas e terreos de xunto ás casas cultívanse principalmente hortalizas e forraxes para o gando. Na horta variedade de hortalizas combinadas con algunas ábores froiteiras.

As patacas, chamadas tamén *Batatas ou castañolas*, e o maíz foron traídos de América despois do seu descubrimento, e foron introducidos na agricultura con unha lenta aceptación, despois dun longo tempo. O cultivo do maíz ou millo graúdo axiña se estendeu superando ao millo miúdo tradicional, pero a pataca ao principio tivo escasa consideración social como demostra que os perceptores dos décimos se opoñían ao seu cultivo como colleita principal. De primeiras destinábase ao consumo dos animais, porque había certo receo a un froito que se criaba debaixo da terra; despois da crise de fame de 1760 pola mala colleita de centeo durante uns anos iniciase o consumo da pataca na casa dos labregos más pobres estendéndose despois a produción e consumo con certa rapidez en todas as clases sociais. A finais do XVIII o consumo era dun 60% o que indica que era cultivo xa plenamente adaptado en zonas do interior de Galicia.

O millo sementábase para a espiga, que unha vez esfollada gardábase no hórreo, e tamén como forraxe, o chamado “maíz mariñao”. O millo moíase nos varios muíños de rego que había na parroquia e usábase para a ceba dos porcos, para as galiñas e para as encaldadas que daban as vacas no inverno.

No primeiro tercio do século XIX dáse un crecemento demográfico grazas aos cambios no sistema agrario coa introducción dos novos cultivos e a renovación das explotacíons e das casas coas edificacións adxacentes. Neste período, non mopi lonxano ao descrito no Catastro de Ensenado, a casa consta xeralmente de baixo e case todas de piso, construídas de pedra e argamasa, con armazón de madeira e cuberta de lousa do país, a dúas ou catro augas.

Os medios de vida dos veciños da parroquia de San Pedro de O Buriz, ata fai uns vinte ou trinta anos máis ou menos, eran fundamentalmente a agricultura e a gandeiría, nunha economía de pura subsistencia. Eran pequenas explotacíons agrícola-gandeiras nas que o número de cabezas de vacún oscilaba entre dúas e dez. Ademais das vacas, tiñan algunas ovellas: unhas en rabaños (as chamadas ovellas do monte) e outras que ían coas vacas (as chamadas ovellas das vacas). Outros animais que tiñan eran os porcos, que normalmente eran para autoconsumo; anque había quen tiña porcas de cría para vender na feira os ranchos. Non faltaban en ningunha casa as galiñas e, nalgún caso, os coellos.

Desde fai uns vinte ou trinta anos a situación cambiou totalmente. Hoxe en día, quizais se poida dicir que a principal fonte de ingresos na parroquia de O Buriz, coma en tantas de Galicia, sexa a proveniente das pensións de xubilación. Pero, a parte disto, a vida cotiá cambiou moito: Así, hoxe xa praticamente non se sementa o trigo, nin o centeo, nin o millo, e patacas, só para o propio consumo. O medio fundamental de vida é a gandeiría. As terras de cultivo, e parte dos montes, foron converténdose en prados e

pastizais. Hai que dicir que algúns dos residentes no Buriz, sobre todo a xente moza, traballan na industria e nos servicios nas Pontes, Guitiriz, Lugo, Coruña e noutras vilas veciñas.